

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE DIMINUÍDOS FÍSICOS E PSÍQUICOS DE MOS PARA A MODERNIZACIÓN DO EQUIPAMENTO DO CENTRO DE DÍA O SON DO REGUEIRO MEDIANTE A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO ELÉCTRICO ADAPTADO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU**

### **Primeiro.-** Competencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

No marco destas competencias, considérase necesario promover actuacións dirixidas á mellora, modernización e adaptación dos recursos sociais destinados á atención de persoas maiores e persoas con necesidades de apoio, especialmente cando estas actuacións contribúen a reforzar a calidade da atención, a accesibilidade, a seguridade, a funcionalidade dos espazos e a dispoñibilidade de recursos adecuados para a prestación de servizos especializados.

### **Segundo.-** Identificación da entidade beneficiaria

A Asociación de Diminuídos Físicos e Psíquicos de Mos (ASODIFISI), con NIF G36161214 e domicilio na estrada de Puxeiros, nº 189, 36417 Torroso, Mos (Pontevedra), é unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve actuacións nos ámbitos da discapacidade, a familia e as persoas maiores. Figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-273.

A entidade é titular do Centro de Día O Son do Regueiro, situado no mesmo enderezo e autorizado pola Xunta de Galicia. O centro atende actualmente 48 persoas usuarias, maioritariamente persoas maiores, así como persoas menores de 65 anos con importantes limitacións de mobilidade. ASODIFISI dispón da estrutura organizativa, do persoal e da experiencia necesarios para prestar o servizo e xestionar o transporte diario vinculado ao centro.



### **Terceiro.-** Necesidade das actuacións

O acceso efectivo ao centro de día depende, en boa medida, da existencia dun servizo de transporte adecuado. ASODIFISI mantén oito rutas activas para os desprazamentos diarios entre os domicilios das persoas usuarias e o centro. O vehículo tamén se empregará nas saídas sociais e nas actividades de participación comunitaria vinculadas á programación do recurso.

Unha parte significativa das persoas atendidas presenta mobilidade reducida ou utiliza cadeira de rodas. Estas circunstancias esixen un vehículo accesible que dispoña de sistemas homologados de entrada, suxeición e ancoraxe. A falta dun medio adaptado suficiente pode dificultar a asistencia regular ao centro, limitar a participación social e incrementar o risco de illamento das persoas usuarias.

### **Cuarto.-** Actuacións a financiar

A actuación consiste na adquisición, adaptación, matriculación, preentrega e posta en servizo dunha furgoneta de propulsión exclusivamente eléctrica, adaptada para o transporte de persoas con mobilidade reducida. O vehículo terá unha capacidade máxima de ata nove prazas, incluída a persoa condutora, e unha configuración flexible para persoas sentadas e usuarias de cadeira de rodas.

O equipamento incluírá chan e espazo interior accesibles, elementos de acceso adaptados, sistemas homologados de ancoraxe para cadeiras de rodas e os demais dispositivos necesarios para garantir a seguridade e a correcta prestación do servizo.

### **Quinto.-** Finalidade da subvención

A actuación permitirá asegurar a continuidade dos desprazamentos, mellorar a accesibilidade, favorecer a autonomía persoal e facilitar a permanencia das persoas usuarias no seu contorno habitual. A incorporación dun vehículo de cero emisións directas tamén reforzará a sustentabilidade ambiental do transporte do centro.

### **Sexto.-** Interese público e social

A actuación responde a unha finalidade de interese público e social porque garante o acceso en condicións de igualdade a un recurso de atención diúrna para persoas maiores e persoas con discapacidade ou dependencia. O transporte adaptado forma parte das condicións materiais necesarias para que as persoas con limitacións de mobilidade poidan recibir



atención, participar nas actividades do centro e manter os vínculos co seu contorno comunitario.

O investimento contribúe á mellora da calidade da atención, á accesibilidade universal, á prevención do illamento social e á modernización da rede de coidados de longa duración. A súa utilidade non se limita á adquisición dun ben inventariable, senón que se proxecta directamente sobre a continuidade e a eficacia dun servizo social dirixido a 48 persoas usuarias.

#### **Sétimo.-** Singularidade da actuación e xustificación da concesión directa

A concesión directa da subvención xustifícase pola concorrencia de razóns de interese público e social que dificultan a promoción dun procedemento de concorrencia pública, nos termos previstos nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A singularidade da subvención deriva da necesidade de garantir un transporte adaptado ás persoas usuarias do Centro de Día O Son do Regueiro, moitas delas con mobilidade reducida ou usuarias de cadeira de rodas. O centro presta diariamente este servizo mediante oito rutas, polo que a dispoñibilidade dun vehículo accesible resulta esencial para asegurar a asistencia regular, a continuidade da atención e a participación das persoas usuarias nas actividades do recurso.

A concesión directa permite dar resposta a esta situación concreta e garantir que o investimento quede afectado á prestación do servizo de transporte do centro. A entidade beneficiaria dispón da estrutura organizativa e dos medios necesarios para executar a actuación, incorporar o vehículo ao funcionamento ordinario do recurso e asegurar o seu uso conforme á finalidade subvencionada.

#### **Oitavo.-** Encaixe no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

O proxecto que se financia mediante este convenio inscríbese no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, coa Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e coa Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do dito plan.



A actuación obxecto deste convenio intégrase no compoñente 22, investimento C22.I1, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no marco do Proxecto nº 1 da Comunidade Autónoma de Galicia, "Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos" e contribúe ao cumprimento do obxectivo CID 323, relativo á renovación ou construción de centros residenciais, non residenciais e de día para a adaptación das prazas ao novo modelo de coidados de longa duración.

#### **Noveno.- Financiamento**

A Consellería de Política Social e Igualdade financiará a actuación obxecto do convenio por un importe máximo de cincuenta mil euros (50.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.780.1, código de proxecto 2025 00162.

O custo definitivo da actuación será o que resulte da solicitude e valoración das ofertas presentadas e da posterior adquisición do vehículo. ASODIFISI asumirá con fondos propios a diferenza entre o importe da subvención concedida e o custo final da actuación, así como os incrementos de custo e os gastos que non teñan a consideración de subvencionables. En ningún caso a achega pública poderá superar o custo real e efectivamente xustificado da actuación.

#### **Décimo.- Vixencia**

Serán subvencionables os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de outubro de 2026. O convenio terá vixencia ata o 16 de novembro de 2026, data na que rematará tamén o prazo de xustificación total.

Por todo o exposto, considérase xustificada a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e ASODIFISI para financiar parcialmente a adquisición dun vehículo eléctrico adaptado destinado ao Centro de Día O Son do Regueiro. A actuación responde a unha necesidade concreta, presenta unha finalidade social claramente definida e resulta adecuada para garantir a accesibilidade, a continuidade da atención e a participación comunitaria das persoas usuarias, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria

Antonio Acevedo Prado

